


Memoria PLAMBE curso 2022-2023



Ceip Plurilingüe Condessa de Fenosa
cod. 32015116
O Barco de Valdorras
(Ourense)

Táboa de contidos

Grao de cumprimento dos obxectivos.....	1
Horario do encargado da biblioteca escolar.....	1
Actividades desenvolvidas, accións, procedementos e recursos.....	2
Temporalización inicial.....	2
Desenvolvemento das actividades.....	2
Actuacións en relación coa organización e xestión.....	2
Actuacións en relación coa dinamización da biblioteca e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.....	3
Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental).....	4
Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.....	5
Outras actuacións.....	6
Grao de implicación do centro e da comunidade educativa.....	6
Grao de integración dos recursos da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe das diversas áreas do currículo.....	7
Produción de materiais.....	7
Avaliación.....	7
Previsións de futuro.....	8

Grao de cumprimento dos obxectivos

Este ano, o ano da fin das restricións pola COVID, supuxo un esforzo enorme para volver recuperar unha chea de actividades que ou ben simplemente desapareceran das nosas programacións, ou ben se realizaban nunhas condicións que distaban moito da nosa idea orixinal.

Neste sentido puidemos recuperar todas as actividades que viñamos facendo antes da pandemia, mais porén non cos niveis de participación aos que estabamos afeitos antes da pandemia, tanto no que atinxe ao alumnado coma no que ten que ver coa participación do profesorado.

Puidemos recuperar o labor d@s encargad@s da biblioteca, os amadriñamentos e apadriñamentos lectores, os clubs de escritura e lectura e démoslle un pulo importante ao traballo da radio. Pero sobre todo acadamos un importante logro coa posta en marcha de novo, dun proxecto documental sobre a enerxía do que falaremos máis adiante.

Falaremos nas conclusións desta memoria das achegas que ten feito o equipo de apoio para evitar as eivas na aplicación das actividades que se detectaron, así como para mellorar a participación de alumnado e profesorado, que teñen moito que ver, ao noso entender, cun modelo de traballo que se instaurou coa pandemia e do que, ao igual que a máscara, teremos que nos desembarazar para recuperar unha actividade máis normalizada.

Agora pasaremos a analizar polo miúdo cada un dos epígrafes desta memoria de actividades, e tentaremos valorar criticamente as nosas eivas e acertos de cara ao traballo no vindeiro curso.

Horario do encargado da biblioteca escolar

O encargado da biblioteca foi Xoaquín C. Freixeiro Álvarez, que tamén leva a xefatura de estudos e a coordinación do plan Dixital.

Tamén contamos cun equipo de apoio á biblioteca conformado por un equipo estable de profesorado, ao que todos os anos se suma algún mestre provisional con ganas de traballar e traer novas propostas á marcha da biblioteca.

Este equipo organiza os clubs, a organización da olimpíada, enfeita a biblioteca e realiza a entrega de diplomas e premios ao final do curso.

Tamén participa nas actividades de formación, como a que dentro do seminario de bibliotecas de Valdeorras e Trives e no desenvolvemento dos proxectos SEMGAL se realizan no centro.

Este ano o Equipo de Apoio á Biblioteca estivo constituído por:

Ensino Infantil	Sonia González, Lidia Bazaco
Primeiro Ciclo	María Alejandre, Xoaquín Freixeiro
Segundo Ciclo	M ^a Carmen García, Manuela Álvarez
Terceiro Ciclo	Concepción Moldes
Dep Orientación	Cristina Martí

A presenza de membros do equipo de biblioteca en cada un dos equipos e departamentos fai que sexa doado transmitir as iniciativas da biblioteca ao resto do profesorado do centro, así como dotarnos dun potente feedback sobre a valoración de cada actividade e poder deste xeito adoptar as medidas correctoras indicadas.

O horario de dedicación á Biblioteca é o seguinte:

10:00-11:10	Recollida dos empréstamos, devolución dos exemplares e colocación nos andeis dos exemplares.
	Catalogación de novos exemplares
12:05-12:35	Empréstamos, ordenadores (en dúas quendas)

14:30-15:30	Empréstanos, ordenadores (en catro quendas), hora dos deberes (martes e xoves), obradoiro de radio (venres), cine club (luns), xogos de mesa (mércores).
17:00-18:00	Neste horario a biblioteca abre os martes para a actividade de "Os martes conto" e os xoves para o club de lectura e escritura do programa de "Lectura e Familias"

Tamén existe un horario asignado a cada aula en horario lectivo para o uso da biblioteca en tarefas de investigación.

Actividades desenvolvidas, accións, procedementos e recursos

Temporalización inicial

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Xestión	Reorganización dos espazos catalogación dos novos fondos Capacitación do profesorado no programa de xestión.	Instalación de novo mobiliario Catalogación dos novos fondos	Catalogación dos novos fondos
Formación de usuari@s	A CDU	Traballos documentais	Traballos documentais
Educación Documental		Olimpíada do Saber Impresión 3D	Programación con Scratch Deseño Escornabots
Promoción da lectura	Radio na Biblio Clubs de lecturas Lectura silenciosa Dinochilas Bibliotecas de aula Empréstamo	Radio na Biblio Clubs de lecturas Lectura silenciosa Dinochilas Bibliotecas de aula Empréstamo Intercambio de libros	Radio na Biblio Clubs de lecturas Lectura silenciosa Dinochilas Bibliotecas de aula Empréstanos
Lectura e familias	Organización do proxecto	Obradoiro contacontos Clubs de lectura e escritura	Clubs de lectura e escritura

Desenvolvemento das actividades

Actuacións en relación coa organización e xestión.

Neste curso continuamos coa progresiva substitución dos andeis, mercando nesta ocasión seis andeis novos que se colocaron na primeira sala da biblioteca con fondos provenientes de LIA2, e con fondos de funcionamento da Biblioteca do orzamento xeral do centro. Seguindo con este cambio progresivo tentaremos o ano que vén incrementar o número de novos andeis para substituír os derradeiros elementos antigos da zona de literatura para primeiros lectores.

No que atinxe á radio escolar este ano tivemos unha importante produción con 8 programas nos que traballamos entrevistas e explicacións relacionadas co proxecto documental da enerxía. A máis destes programas realizamos outros adicados á muller, unha entrevista á profe Merche, familiar de Florencio D. Gurriarán, co que pechamos o ano adicado a este autor valdeorrés, e un programa sobre o Cubo de Rubik, realizado no obradoiro de Radio.

Tivemos tamén unha formación para o alumnado de 5º e 6º curso, centrado na expresividade e impartido pola directora dun grupo de teatro afeccionado da localidade.

Mención a parte merece a gravación dun podcast para Radio Voz, que foi emitido dende esa emisora no mes de maio, e que nos permitiu asemade ter un encontro coas profesionais do medio que viñeron ao centro para realizar a gravación que resultou moi enriquecedor para tod@s nós, aclarándonos unha morea de dúbidas que tiñamos sobre o funcionamento dunha emisora.

En canto á **organización dos fondos da Biblioteca** e á súa **senalización**, continuamos traballando en facilitar o acceso autónomo do alumnado aos fondos, mediante un sinalamento con iconos no lombo dos exemplares, rematando a identificación dos cómics iniciada no ano anterior. Tamén incluímos neste labor de sinalización unha nova icona para os libros de lectura doada e outra para os exemplares adicados aos clubs de lectura.

As **graderías móbiles** mercadas no ano pasado demostraron a súa versatilidade, aínda que nun espazo exterior á biblioteca, creando un auditorio ideal para a realización de actividades de contacontos, tanto da editorial Kalandraka coma Anaya.

En canto á dotación de ordenadores seguimos contando con dous ordenadores de xestión, un para empréstamo e outro para tarefas relacionadas coa impresión 3D e audiovisuais, 4 portátiles para uso do alumnado e 13 tablets convertibles para o uso con grupos clase en tarefas de procura da información. Tamén mercamos 3 tablets para uso autónomo e libre.

A **pantalla Chromecast**, así como os 13 convertibles e o router wifi, agora ampliado cunha wifi corporativa de maior potencia, forman parte do noso plan de converter a biblioteca nun lugar de traballo de colaboración, xa que os traballos de cada tableta poden enviarse e compartirse ao través da pantalla co Chromecast. Tamén, a respecto deste aspecto sinalar que imos aproveitando recursos da aula virtual para empregar nestas actividades colaborativas, como son as Wikis e os Board e as actividades H5P.

A **zona maker** volveu a traballar os legos e a robótica (Panel Lego e Escornabots). No que atinxe aos retos **fuchiqueiros** puidemos volver a realizar distintas propostas con material dende a mesma biblioteca, como a realización de muíños de vento, onde mesmo podíamos ver traballar aos máis cativos baixo a supervisión dos axudantes da Biblioteca.

No que toca aos Escornabots temos que pensar en repoñer algúns modelos xa que existe un deterioro causado polo uso dalgúns modelos. Tamén temos problemas coa **impresora 3D**, xa que non quenta o extrusor. Fixemos probas e substituímos o Termisor por comprobar se era un problema de termostato, pero non solucionou o problema, polo que probablemente se deba a un fallo nunha placa. Estamos procurando un **servizo técnico**, pero co peche de Witbox, non é doado atopar quen poda arranxar o problema. Fixemos aínda así "chaveiros" para identificar as memorias USB do alumnado de 6º curso, para o que cada nen@ realizou un deseño en 3D empregando a plataforma online de Tinkercad que foi impreso na impresora do polo creativo.

A **cámara de vídeo e a pantalla chroma**, co novo equipamento que chegou dos Polos Creativos, nos ten permitido crear un set para a creación audiovisual, que era unha das aspiracións que tiñamos.

Pola súa banda, os **axudantes da biblioteca**, este ano volveron ter o protagonismo que tiñan habitualmente, aínda así haberá que procurar volver a realizar as actividades de formación a principio de curso.

Actuacións en relación coa dinamización da biblioteca e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Neste curso volvemos abrir a biblioteca en horario libre nos dous períodos de lecer (recreo da mañá e do comedor) para os empréstamos, lectura en sala e uso dos recursos da biblioteca, no entanto o número de empréstamos aos que estabamos habituados non se conseguiu. Acadalo cómpre dunha necesaria complicidade entre a biblioteca e as titorías que haberá que potenciar en maior grao para o vindeiro curso.

Decidimos manter o programa de **mochilas viaxeiras** aos cursos de infantil para o empréstamo libre. As dinochilas viaxaron os luns ás casas e volveron ao colexio os venres. Temos que valorar moi positivamente a

actividade das dinochilas, aínda que valoramos como necesario aclarar ao profesorado e ás familias cal é o obxectivo desta actividade para evitar que se confunda cunha actividade de comprensión lectora.

O obxectivo básico da actividade, tal e como se deseñou, é o de fornecer dun material axeitado e variado que permita un contacto cotián do alumnado co material impreso, cara acadar un hábito lector, para o que resulta imprescindible un enfoque lúdico, un tempo de intimidade familiar ao redor do libro, preferiblemente ao se deitar, e non unha actividade de papel e lapis avaliable coma se de deberes se tratase.

No que atinxe a "[O Barquiño de Papel](#)", o boletín da biblioteca, non fomos quen de editalo coa frecuencia que se debía, con só un exemplar por trimestre, bastante menos do que esperabamos. A periodicidade do Barquiño é unha eiva que temos todos os anos, e que só aparece cando nos deixa tempo o resto das actividades nas que nos embarcamos. Resulta necesario que dentro do equipo da biblioteca haxa unha persoa encargada de garantir esa periodicidade mínima, implicando aos que poden facer as distintas seccións do boletín, e de traballar con máis eficacia as recomendacións lectoras.

No exterior da biblioteca temos un espazo para as **exposicións** de novidades ou de carácter temático que actúan coma un reclamo para o empréstamo.

As **Bibliotecas de Aula**, tanto para a lectura silenciosa como para apoio dos proxectos de procura documental, fórmanse con fondos en empréstamo da Biblioteca escolar, realizados a nome do profesor titor da aula. Deste xeito acadamos que a escolma de texto sexa axeitada á idade e nivel lector dos alumnos e renóvanse unha vez por trimestre cando menos, asegurando así lecturas novas e motivadoras. Os titores de primaria, para paliar o sistema de quendas de uso da biblioteca, ampliaron a dotación das bibliotecas de aula e permitiron realizar empréstamos dos títulos para levar ás casas, contabilizados a nivel de profesorado pero sen rexistrar no programa de xestión da biblioteca.

O **blog** está dividido en distintas seccións: booktubers, Escornabots e impresión 3D, clubs de escritura, contacontos, radio escolar, actividades, efemérides, etc...

Dino Radio conta cun apartado dentro da web da biblioteca (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/taxonomy/term/65>) para subir os podcasts que imos gravando. Ao estudo de gravación lle incorporamos unhas gradarías móbiles, tal e como recolleemos na introdución, que nos están permitindo realizar gravacións con público.

Este ano, tal e como se indicou en epígrafes anteriores, os programas que se elaboraron tiveron, na súa maioría, unha temática relacionada co tema das enerxías renovables, que foi o tema do proxecto documental.

Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental)

Na **aula virtual** do centro contamos cunha serie de actividades relacionadas coa biblioteca e como todos os anos realizáronse actividades de formación de usuarios con este material.

Este ano a actividade da **Olimpíada do Saber**, sen o uso da Aula Virtual como na época pre-Covid, realizouse por equipos, cos enigmas colgados á porta da biblioteca e con dúas urnas para botar as respostas dos dous niveis en que se artellou o concurso. Acadamos un nivel de participación bastante aceptable, porén unha parte do profesorado, por unha falla de comunicación pola nosa parte ao dar por sentado que tod@s sabían como funcionaba a actividade, non se implicou na medida que ao equipo nos tería gustado. Novamente teremos que facer unha profunda reflexión sobre como comunicar ao novo profesorado as iniciativas da biblioteca

Hai un par de anos suscitamos a posibilidade da construción dunha wikiteca, un repositorio de recursos relacionados coa biblioteca, e evidentemente, aínda que dun xeito embrionario, o que temos hoxe nela pode encaixar nesta concepción.

Na web tiñamos unha **viaxe interactiva** na Biblioteca, aloxada en Poly de Google, pero cando este servizo deixou de existir substituímoslo por unha funcionalidade de youtube para videos 360º, que se ben non é a solución ideal, permite realizar esta viaxe virtual namentres non atopamos unha solución ideal. A nós se nos ocorre que probablemente se podería solucionar empregando unha funcionalidade H5P que xa existe dentro

da aula virtual que resultaría unha solución ideal, mais que arestora non permite a súa inserción nunha web pública.

No que atinxe aos **Proxectos** este ano estivemos traballando no proxecto da enerxía. Desta volta unha boa parte do centro involucrouse no tema dende distintos ángulos, co que se realizou un traballo moi interesante e amplo. A radio escolar tivo un importante papel na realización do proxecto, así como a biblioteca, tanto como impulsora do mesmo como por ser unha fonte de documentación e de recursos para os distintos traballos das aulas participantes.

O proxecto rematou cunha feira de proxectos realizada no colexio a finais do mes de maio, onde se puideron ver as máquinas elaboradas (muíños de vento e hidráulicos...), realizouse un obradoiro de construción de tarabelas, fixemos comida nun forno solar e ollamos e oímos entrevistas ao través de podcasts gravados na radio e unha delas en formato audiovisual.

Un papel importante na educación documental téñeno tamén os **computadores, a Pizarra Dixital Interactiva, a pantalla Chromecast de Smart e as tabletas híbridas** da biblioteca, nos que o alumnado usuario pode facer as súas procuras, ben no seu tempo de lecer ou ben no marco dos traballos de aula, e o profesorado dispón de ferramentas para potenciar o traballo cooperativo e de investigación.

Continuamos tendo como materia de libre disposición **Alfabetización en Información**, tanto en 4º coma en 6º, co que traballamos a CDU, a colocación dos libros na biblioteca, a procura na OPAC e a localización dos fondos atopados. Así mesmo traballamos sobre textos extraendo informacións, elaborando sínteses, esquemas, cadros sinópticos e reelaborándoos. Asemade procuramos o desenvolvemento de habilidades de busca da información, tanto a nivel de documentos impresos como dixitais, mediante a realización de proxectos de investigación.

Paralelamente traballamos as linguaxes de programación con Scratch e Blockly Games, e fixemos deseños 3D empregando Tinkercad e tamén un obradoiro de deseño de xogos para o escornabot co que nos adentramos no manexo de programas de manipulación de imaxes (GIMP) e programas de deseño con gráficos vectoriais.

O deseño 3D non se puido imprimir xa que tivemos (temos aínda) un problema coa impresora 3D, xa que non quenta o hotend. Nun principio pensamos que puidera ser que se avariase o termostato, pero tras cambiar a peza e realizar comprobacións decatámonos de que o problema tiña que ter outra orixe, probablemente nun circuíto impreso que regule a resistencia que permite quecer a peza do extrusor. Arestora estamos á procura dun servizo técnico que atenda ás incidencias da Witbox, algo que resulta difícil pero que necesitamos para poder seguir desenvolvendo estas actividades que tanto valora o alumnado.

Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.

A **lectura silenciosa**, coa volta ao noso horario normal, recuperou o seu ritmo de 15 minutos diarios xusto á entrada ao colexio. Dende o equipo de Biblioteca valoramos como moi positivo esta volta ao funcionamento normal desta actividade, mais porén, hai determinados aspectos que se deberían subliñar de cara ao vindeiro curso. Houbo algunhas clases que empregaron a hora da lectura silenciosa como un exercicio de lectura en grupo, noutros casos se permitía repasar leccións que ían ser preguntadas... en fin, actividades que desvirtúan e non se corresponden cos obxectivos da actividade. Como en moitos outros aspectos dende o equipo nos marcamos a necesidade de informar polo miúdo desta actividade ao principio de curso, subliñando os seus obxectivos e a súa metodoloxía.

Recuperamos tamén a lectura dos venres, os martes conto, os apadriñamentos lectores e vaille co conto ao profe. Tamén volveron funcionar sen restricións de participación os clubs de lectura, funcionando un club en lingua inglesa (reading club, levado adiante por unha das profesoras de lingua inglesa), outro de cómics, un outro máis de lectura doada (aproveitando a edición de varios títulos destas características por Galaxia).

Mención a parte cómpre facer sobre o **proxecto Lectura e Familias**, onde realizamos un club de lectura e escritura coas nais e pais do centro, e un obradoiro de contacontos con Manuel Caramés, director do grupo de teatro afeccionado Gargallada Teatro.

A respecto do proxecto ELBE-2 realizamos o reparto das credenciais e explicamos nas clases de 4º a 6º o funcionamento da plataforma, e animamos ao alumnado a que usasen este servizo para acceder aos títulos que podían ler durante a lectura silenciosa. Polas consultas que nos fixo o alumnado e máis polos comentarios dos compañeir@s titor@s destes cursos, sabemos que houbo un maior uso a respecto de anos anteriores. En todo caso nos gustaría que a experiencia da lectura en pantalla se fixese con dispositivos específicos dotados de tinta electrónica e non no ordenador. Cremos que a postura no proceso de lectura é importante para a concentración, e que o ordenador é unha fonte de distraccións que os e-readers non teñen. Tivemos algún problema cos contrasinais que se perderon e que nós non puidemos solucionar ao non dispormos do programa Koha de xestión bibliotecaria.

No que atinxe ás **actividades de promoción da lectura**, volvemos ter visitas tanto da editorial Kalandraka con Paco Nogueiras como de Anaya con Benxamín Míguez, que se realizaron na biblioteca do colexio coas gradarías e coxíns que se adquiriron nos últimos tempos, e que dotan á biblioteca dunha versatilidade moi grande á hora da organización de espazos para adecualos ás distintas actividades que se realizan nela.

Outras actuacións

A **cámara de vídeo**, foi pouco empregada este ano, pero sen embargo estamos traballando no arranxo dun espazo para crear un set de audiovisuais permanente, o que nos vai facilitar enormemente o proceso de gravación. Non ter que montar todo o equipamento cada vez que queiramos gravar, e simplemente poñer en marcha o estudo de gravación con premer un botón, pensamos que vai axudar a dinamizar para o vindeiro curso este recurso que nós consideramos de grande interese.

Tamén celebramos, como todos os anos, cunha participación que se achega á totalidade do centro, o **mercadíño de intercambio de libros**, volvendo a celebrarse no espazo físico da biblioteca, dividindo ao alumnado en 4 grupos de idades (infantil, 1º, 2º e 3º ciclo de primaria)

A **entrega de premios da biblioteca** no marco da fin de curso e no espazo exterior volverá a realizarse nos días finais do mes de xuño.

Non quero deixar de sinalar nesta memoria o importante labor de **formación** realizado durante este curso, tanto en PFPPs como no marco do seminario de bibliotecas escolares de Valdeorras e Trives onde varios membros do Equipo de Apoio da Biblioteca realizamos un curso de ilustración, maquetación e encadernación moi interesante. Neste ano realizáronse uns carteis ilustrados sobre poemas de Florencio Delgado Gurriarán, que se tiñan traballado o ano pasado co alumnado, e imprimimos unha serie de exemplares, que logo encadernamos de xeito artesanal, dunha escolma de contos do Libro dos Moradores de Darío Xohán Cabana.

Grao de implicación do centro e da comunidade educativa

Como todos os anos temos que subliñar a implicación do profesorado do Equipo de Apoio á Biblioteca. A nivel do resto do profesorado neste ano notamos certas reticencias á colaboración nas actividades, quizais debidas a que estes anos de Covid nos fixeron esquecer o que é o traballo en actividades voluntarias, ou, moi probablemente, por unha eiva no noso xeito de transmitir as necesidades de apoio.

De cara ao curso que vén temos que redobrar os nosos esforzos para transmitir a importancia destas actividades e, ben seguro que o equipo de apoio fará ver ao profesorado dos ciclos os beneficios evidentes destas colaboracións desinteresadas que tanto ben fan no alumnado.

Outro punto importante é o dos **alumnos voluntarios** que dadas as limitacións destes últimos anos, tiñan moitas gañas de colaborar na xestión da biblioteca. Teremos que facer, de cara ao curso que vén un bo programa de formación con eles, volver a dividir as responsabilidades e facer unha grella coas quendas para que tod@s poidan participar na medida das súas posibilidades.

Tamén queremos que as **familias** volvan xogar o papel destacado que tiñan na vida da Biblioteca. Valoramos en grande medida o traballo que fixeron coas Dinochilas e a súa participación nas actividades do proxecto Lectura e Familias, e queremos seguir contando con eles na Biblioteca, representando contos co seu grupo de

teatro, ou simplemente visitando a biblioteca nos horarios de uso fóra do horario lectivo.

Por último subliñar que volvemos restablecer as nosas relacións coa **Biblioteca Pública Municipal** coas visitas para a realización dos carnés de usuari@s do alumnado de 1º curso de primaria.

Grao de integración dos recursos da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe das diversas áreas do currículo

A biblioteca ten un importante papel polas achegas que fai para a adquisición de determinadas competencias básicas que permiten unha mellor aprendizaxe de distintas áreas do currículo.

Non vamos incidir no importante papel na adquisición das **competencias lectoras e escritoras** que as actividades desenvolvidas dende a biblioteca teñen, así que imos centrarnos nas competencias de aprender a aprender e na competencia dixital, que se desenvolven grazas ás actividades **ALFIN** que axudan a adquirir bos hábitos para a selección de información, a súa estruturación e a súa expresión en diferentes soportes. Este ano fixemos varios traballos na Aula Virtual empregando ferramentas coma o Board.

Elaboramos tamén unha Web para o apoio ao proxecto documental de enerxía onde se achegaban recursos web e bibliográficos.

Tamén queremos destacar as tarefas de aprendizaxe da linguaxe de programación **Scratch** realizadas polo alumnado de 4º e 6º no marco das clases de alfabetización en Información.

Producción de materiais

1.- Como xa comentamos a edición do [Barquiño de Papel](#) neste ano só se fixeron dous números en formato dixital. O primeiro número foi fo mes de novembro e o segundo no mes de febreiro. No primeiro número traballouse o tema do proxecto: reto fuchiqueiro coa realización dun muíño, un reto de programación sobre a realización dun circuíto eléctrico e un reto de investigación sobre o que é a enerxía. Os mesmos apartados tivo o número de febreiro cun reto fuchiqueiro coa elaboración dunha man robótica con pallas de refresco, un reto de programación cun sol que dá vidas e un raio que as quita, e un reto creativo para crear dúas portadas alternativas ao Astérix e Cleopatra e o Viaxe á Lúa de Tintín.

2.- Promoveuse dende a biblioteca un proxecto documental integrado sobre a enerxía, facilitando a realización ofrecendo bibliografía e unha web (<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/enerxia/index.html>) con recursos online e referencias bibliográficas.

3.- Neste curso publicamos, como todos os anos, a nosa revista escolar, [Trágame Terra](#), adicada este ano a Francisco Fernández del Riego pero tamén á celebración do 50 aniversario da creación do noso centro, e onde se poden observar multitude de traballos realizados polo alumnado, actividades de creación literaria, etc...

4.- Realizamos distintos [programas de Radio](#) con varias temáticas entre as que destaca a realización de varias entrevistas para o proxecto documental e a gravación dun podcast para Radio Voz.

5.- Realizáronse distintos xogos en Scratch.

6.- No marco da Biblioteca Creativa o alumnado realizou uns espazos lectores con vimbios.

Avaliación

Un dos indicadores da avaliación que valoramos dun xeito especial é a cantidade de empréstamos libres que se fan dende a biblioteca. Neste apartado non fomos quen de chegar aos valores pre-pandemia, dado que non se introduciu a visita á biblioteca do último curso de infantil, e consideramos que non se traballou nas aulas o empréstamo coa intensidade que se facía daquela. Dende o equipo valoramos que para o ano que vén nas aulas de primaria, e sobre todo nos primeiros niveis, se leve algún tipo de control dos empréstamos da biblioteca, por exemplo cun barómetro de lecturas, ou un sistema similar que faga visible dun xeito mesmo lúdico os empréstamos realizados. Esta era unha das estratexias que se facían antes e que pensamos sería bo retomar para volver acadar os niveis de empréstamos antigos.

As Dinchilas seguiron funcionando en infantil, onde se mantivo un nivel de empréstamos máis ou menos

similar ao do ano pasado. Sen embargo queremos sinalar que nalgúns casos a dinochila converteuse nunha actividade case curricular, tendo @s nen@s que realizar ficha da lectura. Dende o equipo pensamos que esa non é a finalidade das Dinochilas, e que deberíamos traballar máis a comunicación co profesorado titor para que as actividades que se propoñen acaden os obxectivos que procuran.

Xunto a estes programas de empréstanos libres e de lecturas no fogar, as bibliotecas de aula, con preto de 350 empréstanos trimestrais, serviron para cubrir as necesidades da lectura silenciosa das distintas aulas de primaria e infantil.

A nosa valoración dos empréstanos realizados neste curso é nun principio positiva, tendo en conta que estamos a falar de recompoñer unha actividade que estivo practicamente desaparecida durante tres cursos, pero evidentemente os números non se corresponden cos nosos obxectivos. Coidamos que temos que involucrar dun xeito máis intenso a todo o profesorado e atopar medios, que por outra parte xa empregabamos antes da pandemia, de motivar ao alumnado.

No que atinxe aos clubs de lectura sinalar que volvemos poder facer clubs dun xeito libre, sen necesidade de respectar grupos burbullas, funcionando varios tipos de club que permitiron ao alumnado escoller entre os clubs que máis se axeitaban ás súas preferencias. A participación novamente non acadou os valores de cursos anteriores, e nas causas desta baixa participación volvemos atopar, segundo a nosa análise, problemas de comunicación de cara ao profesorado de nova incorporación o que leva a que non se realizase un traballo de motivación co alumnado nas aulas.

As visitas á biblioteca en horario libre aumentaron e os recursos da biblioteca foron empregados polo alumnado a un nivel comparable cos anos anteriores, así como o traballo dos axudantes da biblioteca que tiña desaparecido.

A respecto dos axudantes pensamos que haberá que volver a realizar as actividades de formación a principios de curso para o manexo do programa de xestión e para delimitar as responsabilidades de cada quen, así como facer unha grella para que coincida alumnado de distintas idades e onde os maiores poidan exercer de titores dos máis cativos.

A participación na radio e o número de programas segue en aumento. Realizamos unha gravación dun podcast que se emitiu por Radio Voz.

A valoración do alumnado, en entrevistas realizadas nas clases, sigue a ser positiva en actividades como a lectura silenciosa, o mercado de intercambio dos libros e a olimpíada do saber.

Non realizamos tampouco este ano unha valoración dalgún dos apartados do documento de autoavaliación de A. Baró e outr@s, xa que consideramos que a valoración que poidamos facer cunha ferramenta deseñada para unhas circunstancias de normalidade das que non puidemos desfrutar neste curso, non se axustaría á realidade vivida no centro.

Para rematar valorar positivamente os pequenos avances, que como apuntabamos na memoria do ano pasado, fixemos na creación dunha Wikiteca, na que ao través da aula virtual puidemos realizar a Olimpíada do Saber, e introducimos ao alumnado na procura de información ao través da edición de Wikis.

Previsións de futuro

As previsións de futuro da nosa biblioteca como xa se veu comentando ao longo desta memoria, pasa por realizar maiores esforzos de comunicación co profesorado que vén de novo ao centro para explicar as nosas actividades e os obxectivos que procuran, e tentar, daquela, involucralos dun xeito máis intenso, o que vai redundar nunha maior e mellor participación do alumnado. Noutro orde de cousas pretendemos:

- Mellorar os espazos de lectura distendida no exterior da biblioteca
- Expurgo de materiais deteriorados e continuar coa sinalización inclusiva.
- Fomento do uso didáctico da biblioteca nas distintas aulas, e seguir promovendo proxectos documentais.
- Continuar co Reto Fochiqueiro, a radio na biblio, lectura e familias e clubs de lectura.
- Do mesmo xeito manter o reto lector que comezou a súa andaina no pasado curso escolar.

- Fomentar o uso da Radio Escolar.
- Continuar incidindo nas actividades de programación con Scratch, e seguir fomentando actividades de robótica, como o reto de programación (Dinobot) co uso de Scratch.
- Desenvolvemento dos clubs de lectura dixital empregando a Plataforma de empréstamo dixital e capacitación para un uso autónomo da mesma.
- Seguiremos tamén desenvolvendo ALFIN en 4º e 6º.
- Mellorar a coordinación co departamento de orientación cun calendario de reunións estable.
- Realizar recompilacións de recursos dixitais.
- Mellorar as enquisas introducindo a posibilidade de suxestións de mellora por parte dos usuarios.

En resume, pretendemos retornar á nosa normalidade perdida por mor da pandemia, e xa instalados nela dotar á nosa biblioteca de todos os recursos posibles para satisfacer todas as necesidades d@s nos@s usuari@s. Queremos entre tod@s facer unha biblioteca aberta, flexíbel, participativa, inclusiva, imaxinativa, atractiva... unha biblioteca nova e disposta para o futuro.